

# a voz do pobo



¡Proletarios de tódolos  
países, unídevos!

ORGANO DO COMITE CENTRAL DO PARTIDO COMUNISTA DE GALICIA

NUMERO ESPECIAL

4-12-79

10 pts.

Artes Gráficas "VELOGRAF. S.A."

## 4 DE NADAL

# Non ao estatuto de UCED



INTERVENCIÓNS DE JORDI SOLÉ TURA NA  
COMISION CONSTITUCIONAL DO CONGRESO

pax. 2

CONVERSA CON  
RAFAEL PILLADO

pax. 3

solidaridade con Galicia dos  
pobos de España

pax. 3

SANTIAGO ALVAREZ:  
VEREMOS O TRIUNFO

Pax. 4

MORREU  
BLANCO  
AMOR

Pax. 4

Ao cabo de dous meses de bulra e humillación constante a Galicia, a UCD aprobou, coa oposición do resto das forzas políticas, un Estatuto que consagra a discriminación e a marxinação da nosa terra.

Co seu Estatuto, a UCD, o Goberno, intenta abrir con Galicia o camiño das autonomías de segunda categoría. Nono puido facer con Catalunya e Euzkadi, pois a conciencia política e a unidade daqueles pobos, donde ademais a UCD é minoritaria, non llo permitiron.

Máis en Galicia é diferente. Aquí a UCD é maioritaria, feito sobre o que os galegos temos que reflexionar, e o Goberno pensou que a nosa terra sería o lugar propicio pra impoñer un Estatuto discriminatorio que servise de contención aos degaros autonomistas do resto dos pobos de España.

En definitiva, a UCD quixo facer de Galicia o banco de probas das autonomías sen contido, co propósito claro de manter no esencial o aparato centralista do Estado. Este é o verdadeiro alcance, a enorme dimensión que ten o actual Estatuto de UCD, que como galegos e pobo solidario cos demais pobos, rexeitamos rotundamente.

¿Qué se introduce no Estatuto de Galicia que o fai discriminatorio respecto do vasco e o catalán? Esta é a pregunta que se fan hoxe miles de galegos.

En realidade, o Estatuto galego ten numerosos aspectos negativos respecto ao catalán e ao vasco que máis adiante mencionamos, pero hai escrita unha disposición transitoria terceira que antes era o artículo 32.4, que de feito invalida o Estatuto no seu conxunto; inda que o resto do texto fose, que nono é, igual ao do País Vasco e ao de Catalunya. Dita disposición transitoria terceira dice: "En aquelas competencias que recaen sobre materias que de acordo con la Constitución y el presente Estatuto son objeto también de competencias estatales se estará a la delimitación que de éstas hagan las Cortes Generales".

O que se dice con esto é que a delimitación de competencias se esfuma, pois en realidade o que se propón é que ditas competencias as delimiten as Cortes Xerais a través da súa lexislación. Dáse a circunstancia de que as competencias ás que se refire a transitoria terceira son o noventa por cento das competencias do Estatuto e ademais as máis importantes. É dicir, que o Parlamento galego non terá facultade de intervención por iniciativa propia (como sí ten en Catalunya e Euzkadi), senon que deberá agardar a que as Cortes Xerais decidan o que poden ou non facer. Dito de outro xeito: que a iniciativa pase, como propón a transitoria terceira, do Parlamento galego ás Cortes Xerais, significa, nin máis nin menos, deixar intacto ao centralismo.

Contén o Estatuto outros aspectos moi negativos, tales como o tema das Diputacións e o Réxime Local, decisivo pra Reconstrución de Galicia, o tema do idioma, a composición e número do Parlamento Galego, o tope do tres por cento do censo electoral, etc., que só se mencionan de pasada, pero algúns deles son analizados amplamente noutros traballos deste mesmo número.

Resumindo, estes aspectos e particularmente a transitoria terceira desvirtúan e invalidan o Estatuto no seu conxunto. Non se trata de si é mellor ou peor, senón de que non é un auténtico Estatuto de Autonomía.

Por esta razón a opción do PCG, creemos que será a de tódolos autonomistas galegos é votar NON no Referéndum.

Teoricamente cabe outra opción de voto (o si, o voto en branco ou a abstención). Nós estimamos que non se pode votar si pois isto sería, inda que fose de forma crítica, aceptar un Estatuto anti-galego, que non configura unha auténtica autonomía. Estamos seguros de que ningún democrata galego votará si a este texto. A abstención e o voto en branco, non contribuiría senon a desmovilizar ao pobo galego na loita por unha auténtica autonomía; é, en definitiva, decirlle á UCD que siga facendo o que queira pois non van ter oposición; ademais, no caso da abstención, ningún partido democrático pode propoñerla a Galicia, onde ésta constituíe unha das principais lacras do comportamento democrático do noso pobo.

O voto NON é o único que expresa non só a oposición ao Estatuto da UCD, senon que é a única opción que expresa, si triunfa, unha alternativa inmediata de auténtica autonomía, a través do recomenzo inmediato do proceso autonómico, ao que, compre suliñalo, non hai nada que se opoña, nin na Constitución nin nas Leies vixentes. O triunfo do NON é a única posibilidade de que non exista un Estatuto discriminatorio, e a única posibilidade de que se abra de inmediato a auténtica autonomía. Compre engadir que é o único xeito de mobilizar activamente ao pobo galego en favor da Autonomía e de posibilitar un canbeo na correlación de forzas que permita non só conquistar un auténtico Estatuto, senon ademais enchelo de contido real.

Por todo elo o PCG votará NON no Referéndum e chama a tódalas forzas galegas, a tódolos sectores sociais, a tódolos persoeiros con influencia no país a facer do 4 de Nadal o comenzo dunha gran campaña galega unitaria cara ao Referéndum, polo NON AO ESTATUTO DE UCD e POLA AUTENTICA AUTONOMIA PRA GALICIA.



# INTERVENCIONS NA COMISION CONSTITUCIONAL

**El Señor Presidente:** Muchas gracias. El Señor Solé Tura tiene la palabra.

**El Señor Solé Tura:** En el artículo 11 de este proyecto de Estatuto se ha aprobado que el Parlamento estará constituido por Diputados electos por sufragio universal, igual, libre, directo y secreto, y aquí acabamos de aprobar un Parlamento elegido por sufragio desigual; desigual, porque en realidad, como se ha dicho antes, las proporciones que se establecen son realmente escandalosas, en el sentido de primar a unas provincias en detrimento de otras.

Yo no tengo nada contra de la representación de unos y otros, pero creo que hay formas y formas de conseguirlo. Si se prima a unas provincias en detrimento de otras y al mismo tiempo se reduce, como se ha reducido, el número total de Diputados al Parlamento, estamos de hecho ante un Parlamento poco representativo, mejor dicho, representativo sólo de unas determinadas fuerzas, que además están implantadas de una determinada manera.

**Nosotros pensamos que para poner en marcha un proceso autonómico tan complejo como el gallego y en una situación tan compleja como la que va a tener todo el país, es necesario aunar el máximo número de voluntades, propiciar la presencia activa en ese proceso creador del máximo número de fuerzas y no, en cambio, intentar excluirlas como se está haciendo con esa reducción y con esa distribución.**

Con esta composición del Parlamento que va a reproducir poco más o menos una relación de fuerzas como la existente hoy y, en cambio, va a dejar excluidas de la vida parlamentaria gallega a otras fuerzas que son portadoras también de proyectos importantes. Pero es que, además, la forma en que se ha distribuido tiene poco que ver con lo que es la realidad actual de Galicia y, en cambio, mucho que ver -y lo digo también con todos los respetos- a nuestro modo de entender, con los problemas y con las áreas de influencia de los Grupos hoy mayoritarios en Galicia; es decir, que aquí se ha hecho una distribución no en función de los intereses globales de la población, no en función del desarrollo ni en función de una participación, que eso es lo que menos importa, sino que se ha hecho un Parlamento que tiene como fin exclusivo reproducir el sistema de política hoy existente y las relaciones de clientela política que existen en la actualidad.

Esa es la razón por la que el Parlamento tiene esta composición y no otra.

**El Señor Presidente:** Muchas gracias. Tiene la palabra el Señor Solé, para un segundo turno en contra.

**El Señor Solé Tura:** Señor Presidente, creo que, efectivamente, estamos ante el tema clave de este Estatuto, porque las cuestiones que hemos estado examinando, incluso un tema tan importante como la propia composición del Parlamento, pasan a un segundo término ante este que estamos discutiendo ahora. Como ya tuve ocasión de decir en Ponencia, creo que aquí está literalmente el ser o no ser del Estatuto.

Considero que de poco sirve que hayamos hecho una labor de delimitación de competencias, diciendo lo que es competencia exclusiva de la Comunidad Autónoma, competencia exclusiva del Estado, competencia compartida a nivel de ejecución y a nivel de legislación desarrollada, etcétera, si al final incluimos una disposición como la que ahora se nos somete en forma de enmienda "in voce".

El pase a transitoria de lo que antes era texto del artículo 37 es una cuestión secundaria, porque en realidad la redacción que se nos propone, aunque la forma sea distinta, no cambia para nada el fondo del asunto, y el fondo del asunto es

## SOLE TURA...(cont.)

que la delimitación de competencias se esfuma, desaparece, porque en realidad lo que se está diciendo aquí es que las competencias las van a delimitar las Cortes Generales a través de su legislación. De modo que en aquellas competencias que recaen sobre materias compartidas de una manera o de otra, y creo que son prácticamente el noventa por ciento de las competencias contempladas puesto que de una u otra manera conciernen a las dos partes quiere decirse que no tendrá facultad de intervención por iniciativa propia el Parlamento Gallego, sino que deberá esperar, puesto que según el texto propuesto se estará a la delimitación que las Cortes Generales hagan de su propia parte, de la parte del Estado, que es como decir de las dos partes, ya que las Cortes Generales al delimitar su propia parte están delimitando la que corresponde a la otra.

En consecuencia, es exactamente lo mismo que se decía en el artículo 37. 4. No vale decir: Mientras tanto, la Comisión Mixta puede empezar a hacer cosas que no sirven para nada y la Comisión Mixta no tendrá capacidad decisoria, puesto que siempre se estará a reserva de lo que la legislación del Estado disponga.

Por consiguiente, aquí estamos ante la pura y simple liquidación del Estatuto. Llevando las cosas al límite, el Estatuto se podría reducir a dos o tres artículos: uno que diga, que se constituye la Comunidad Autónoma de Galicia; otro, que tendrá un Parlamento y una Presidencia, y un tercer artículo que reproduzca el texto de la disposición que se nos propone.

Con ello bastaría, puesto que en realidad quien delimita las competencias son las Cortes Generales, a través de su legislación ordinaria.

Se han aducido razones funcionales, razones de racionalización del proceso autonómico. Nosotros estamos perfectamente convencidos de que es absolutamente indispensable establecer una racionalización del proceso autonómico y para eso se hizo la Constitución. La Constitución se hizo, como SS. SS. saben, con una gran sensibilidad ante este tema, sabiendo todos lo que nos jugábamos e intentando delimitar, en el espacio y en el tiempo, un proceso autonómico que es complejo, que se puede alargar, que significa un modelo de funcionamiento completamente antitético del que hemos tenido hasta ahora, esto es lo contrario de un modelo centralista que no tiene sus raíces en el pasado inmediato, en esos últimos cuarenta años, sino que viene de mucho más lejos. En definitiva significa un cambio sustancial en la forma de concebir la vida política de ese Estado.

Sabemos perfectamente que este no es un problema sencillo, y si en la propia Constitución se ha hecho un esfuerzo para diferenciar ritmos, sabiendo que se parte de situaciones diferentes, y que se quiere llegar a una solución institucional con ritmos diferentes, es precisamente por eso. De modo que ese razonamiento lo hacemos nuestro, porque es nuestro también. Pero hay formas y formas de racionalizar. Nosotros entendemos que la que aquí se nos propone no significa racionalizar nada, sino exasperar el problema, complicarlo, porque a lo que se tiende no es a perfilar y definir una voluntad política clara que ordene el problema, sino a imponer una traba administrativa que complica las cosas, que exaspera situaciones, que no da salida a los problemas. Significa poner trabas administrativas y, en definitiva, acaba por recomponer el sistema que queremos cambiar. Porque decir que la iniciativa pasa, en último término, por lo que digan las Cortes Generales, significa dejar intacto el centralismo. Y esa es la clave del problema: dejarlo intacto.

Eso no es racionalizar; eso es fosilizar; eso es dejar las cosas literalmente tal como estaban. De aquí la enorme resistencia que esa pretensión ya está empezando a encontrar, que encuentra entre nosotros y fuera de aquí.

Configurar un Estado de autonomías significa, queramos o no, un gran acuerdo político entre las fuerzas decisivas de este país pues de otro modo no hay forma de llegar a una visión clara de cómo se van a hacer las cosas, conectando con los intereses de la población, sabiendo buscar el consenso real de la población, y no limitándonos a los acuerdos por arriba o a las simples medidas administrativas, como las que aquí se propone. Ese es el tema de fondo.

Si en el Estatuto de Autonomía de Galicia se interpone esta traba administrativa, el resultado es que este Estatuto se convierte en el primer modelo de un Estatuto de segunda categoría, de un Estatuto devaluado, en el primer modelo de lo que se piensa que va a ser la configuración del proceso autonómico futuro. No solamente la población de Galicia tiene todas las razones para pen-

sar que se les está escamoteando su Estatuto, sino que los demás pueblos de España tienen todas las razones para pensar que, a partir de aquí, ya saben lo que les espera.

Al mismo tiempo es introducir un grave quebranto, una grave barrera a las autonomías, porque si esta traba administrativa no se ha colocado en los Estatutos de Autonomía de Cataluña y Euzkadi, de hecho estamos estableciendo dos categorías de Estatuto: una categoría privilegiada y otra que no lo va a ser; Estatutos de primera y Estatutos de segunda. Y esa no es la intención de la Constitución. La Constitución establece ritmos distintos, establece formas de acceso distintas a las autonomías, pero no prevé que existan al final, situaciones distintas. En consecuencia, si hoy entramos por este camino, entramos por un camino de liquidación del Estatuto de Autonomía de Galicia, de modificación de todo el proceso, de lesión sería a aspiraciones autonomistas que pueden ser tumultuosas, pero que no responden a una realidad popular de gran potencial creador. En definitiva, estamos introduciendo un elemento de distorsión que puede llevar el proceso autonómico general a unos terrenos que escapen a toda ordenación y a toda sistematización, hasta culminar en lo contrario de lo que ahora se dice que se quiere conseguir. Aquí hace falta una auténtica política de Estado, pero no hay política de Estado al margen de las aspiraciones populares.

Por estas razones, nosotros pensamos que es un gravísimo error introducir esta Disposición Transitoria en el texto del Estatuto gallego; un gravísimo error que todavía estamos a tiempo de evitar, un gravísimo error que obliga a las fuerzas políticas aquí presentes a buscar acuerdos unánimes para dar solución a los problemas que hoy tiene el pueblo gallego.

Para nosotros es una cuestión absolutamente decisiva, una cuestión fundamental que determina el sentido de nuestro voto global. Por eso pido a las fuerzas que tienen en su mano decidir la cuestión, que hagan un esfuerzo final por comprender las razones que estamos aduciendo y para modificar la propuesta que se nos intenta hacer. Sería, creo yo, el mejor servicio que podríamos hacer entre todos a la causa de la autonomía de Galicia.

## CONVERSA CON PILLADO

**NINGUN MELLOR QUE  
RAFAEL PILLADO PRA  
RESPONDER A SEGUINTE  
PREGUNTA**

¿E coherente coa política nacional e autonomista levada deica hoxe polo PCG o voto negativo ao Estatuto de Autonomía da UCD?

A decisión do PCG de votar non no Referéndum do Estatuto, correspóndese con feito de que UCD decidira aprobar un proxecto de Estatuto que nega de feito o autogoberno galego; decisión tomada en exclusiva e frente ao resto das forzas políticas galegas. Trátase dun rechazo ao "Estatuto de UCD" co obxectivo de conquistar nese Referéndum un rechazo claro e nítido por parte do pobo galego. E trátase, sobre todo, de recomenzar o proceso de elaboración dun novo proxecto a partir dese voto maioritariamente negativo. O obxectivo está en facer fracasar ese texto pra conseguir unha real autonomía.

Porén a coherencia do PCG está en que no centro da súa política sigue o obxectivo do autogoberno, non aceptando sucedáneos do Estatuto que

Galicia precisa.

Desde diversos medios téñese aireado estes días a idea de que o Partido Comunista se radicalizou. ¿Qué tes que decir sobre esto?

Eu creo que hai xentes que desexarían que o PCG aceptara o seu aillamento. Pero creo aínda máis que o seu desexo sería que non defendera os intereses dos traballadores e do pobo galego.

O rechazo ao texto do Estatuto é compartido pola maioría dos galegos. Só UCD apoia ese texto, logo quen se radicaliza cara á dereita é a UCD, frente ao resto da sociedade, negándose a aceptar negociación algunha. Respecto ao Estatuto dos traballadores, UCD négase a negociar o seu contido, intentando impoñer á clase obreira unha lexislación en moitos casos regresiva respecto ao pasado de dictadura, incluso. Nos problemas sociais máis diversos, UCD confirma o seu corrimiento á dereita, rexeitando o diálogo e impoñendo unha política económica de interés praos grandes empresarios e as multinacionais.

A obriga do PCG é a de organizar e mobilizar aos traballadores, abrindo vías de negociación. Eso non é radicalizarse, eso é defender os in-



RAFAEL PILLADO

tereses da maioría do pobo galego.

Presentaches a túa dimisión das responsabilidades de dirección do Partido. Posteriormente no Comité Central e en diversas declaracións e rodas de prensa tes explicado os motivos. ¿Queres engadir algo?

Non teño moito que agregar, mais se cadra convén insistir en que esa dimisión ten motivos personales, relacionados cun certo cansancio. Eu creo que calquer cidadán, calquer militante obreiro pode comprender que a miña participación na loita política foi moi intensa desde hai anos e que nos últimos tempos non foi nada fácil, maiormente cando como no meu caso se ten a máxima responsabilidade.




De aquí que me propoña o dimitir, ter un certo período de descanso. Descanso que non significa abandono da miña militancia política nin moito menos.

Sicais unha dimisión, deica hoxe, dun secretario xeral, foi excesivamente dramatizada. Eu creo que xa non estamos neses tempos.

Por outra banda hai quen busca "outras razóns". Equivócase. Síntome comunista, algo do que non dimitiréi xamais. E do mesmo xeito son solidario da política, da dirección e do futuro secretario xeral. Si ben hoxe dimito dos órganos de dirección pra mellor descansar, esto non presupon renuncia a levar tarefas directivas no momento en que me sinta en condicións de cumprir plenamente.

ANO TRISTE PRA  
CULTURA GALEGA

# MORREU BLANCO - AMOR



Lorenzo Varela, Luis Seoane, Celso Emilio Ferreiro e Eduardo Blanco Amor fóronos deixando, un tras outro, orfos dunhas palabras, uns testemuños que supuxeron pra Galicia as voces máis universais da xeneración da guerra, do exilio, da reconstrución nacional da nosa cultura. Foron homes que, na diáspora, mantiveron aceso o facho da nosa identidade cultural, que contribuíron a darlle un carácter universal e progresista á nosa literatura, ó noso arte. Con eles morre unha parte entrañable de todos nós. Os co-

munistas galegos xunto con tódolos democrátas do noso pobo estamos en deuda permanente con Eduardo, con Luis, con Lorenzo e mais con Celso, e a nosa responsabilidade está en transmitir ao noso pobo e ás novas xeneracións a gran lección de amor á Terra, a gran lección de responsabilidade que deron a este país. Marcharon, dexáronnos coa satisfacción segura de quen cumpre o máis fermoso deber que en vida se pode cumprir: ser fideles a un pobo e loitar pola súa transformación.

SANTIAGO ALVAREZ:

## VEREMOS O TRIUNFO



POLOS MESMOS DEREITOS COS OUTROS POBOS DE ESPAÑA

A loita pola autonomía de Galicia ten máis dun século de existencia. Dende o intre en que os comunistas aparecemos na palestra histórica, fai máis de medio século, fixemos desa loita unha das razóns da nosa existencia.

A reivindicación autonomista ten unha dobre significación política. Si por unha banda reclama pra Galicia, como nacionalidade un dereito, por outra hállase vencellada á construción dun Estado español democrático. Así foi no pasado, no curso dos anos 30 e, coas diferencias de tempo e de circunstancias, así é no presente.


As forzas centralistas e de dereita dentro e fora da UCD, dende Madrid e dende Galicia, ó tratar de imponernos mediante a Disposición Transitoria Terceira, un Estatuto recortado, humíllanos e discrimínanos. Por ese Estatuto, Galicia virá a ser respecto das outras dúas nacionalidades históricas, a catalana e a vasca, unha nacionalidade de terceira.

Este feito político obrigáanos a decirlle non a ese Estatuto. Pero obrigáanos tamén a seguir loitando xunto co noso pobo por superar a humillación e discriminación infrinxidas a Galicia e por conquistar pra esta unha autonomía que non a discrimine.

Mais o feito debe reclamar tamén a nosa atención encol da outra vertente. A limitación da capacidade autonómica de Galicia é unha ameaza directa contra das autonomía presentes como máis próximas: a de Canarias, País Valenciano e Andalucía. O ocorrido ao Estatuto de Galicia reviste tamén o perigo de

# última hora.

ANXEL GUERREIRO ELEXIDO SECRETARIO XERAL



Anxel Guerreiro Carreiras nacéu hai 34 anos en Xermade (Lugo). Está casado e ten un fillo.

Ingresóu no Partido en 1968, ano da constitución do PCG, cursando estudos na Universidade Galega, donde foi responsable político da Organización Universitaria dos comunistas galegos, participando activamente no movemento estudiantil de 1968 a 1971, polo que foi detido e encadeado en varias ocasións.

Participóu na fundación da Xuventude Comunista Galega. E membro do Comité Executivo do PCG desde 1970.

En 1972 pasa a residir á Coruña, dirixindo a organización do Partido naquela cidade, e ocupando a responsabilidade de organización a nivel de Galicia. Durante este período é detido e pasa dúas cortas etapas na cadea a raíz dos sucesos de Ferrol e Vigo de 1972.

A partir de 1976 dedicáse enteiramente ás tarefas de dirección a nivel de Galicia e concretamente na responsabilidade de relacións políticas e unitarias do PCG, sendo un animador incansable da formación e desenvolvemento dos organismos unitarios da oposición á dictadura, a nivel de Galicia e de España (Xunta Democrática, da Táboa Democrática e da Plataforma de Organismos Democráticos a nivel de Estado, Plataforma que aglutinaba á oposición das diversas nacionalidades e rexións do Estado español).

No IX Congreso do PCE (1978) é elixido membro do Comité Executivo do PCE.

Foi integrante da Comisión unitaria que redactóu o "Estatuto dos 16".

que se alonxen no tempo as autonomía reais de Euzkadi e de Catalunya, porque se retrasen as súas competencias, e de que a construción do Estado democrático de Autonomías previsto na Constitución, non acabe de concretarse na realidade política.

Vixilantes, pois contra todo eso! E, sobre todo unida, unidade, e acción unida, de tódalas forzas democráticas

e autonomistas pra aillar ás forzas da reacción e do caciquismo; pra cambear a relación de forzas na esfera política galega e pra defender a democracia e unha autonomía non discriminatoria pra Galicia.

i A loita é longa, complicada e difícil, pero é apaixonante e xusta e verá o triunfo!

### ALGUNS DOS TELEGRAMAS RECIBIDOS

Indignados brutal recorte impuesto vuestro Estatuto por mayoría UCD, expresamos solidaridad comunistas vascos con vuestra lucha contra arbitrariedad centralista. Agresión a Pueblo Gallego desnaturalizando su autonomía afecta también Euzkadi y demás pueblos de España. Vuestra lucha es igualmente nuestra, estaremos junto a vosotros y Pueblo Gallego. Ramón Ormazabal y Roberto Lerchundi. PCE-EPK.

Queridos camaradas enérgico rechazo imposición unilateral por parte de UCD de un Estatuto que margina a las fuerzas de izquierdas y nacionales de Galicia y supone desnaturalizar la Autonomía y privarla de sus más genuinos contenidos de Autogobierno. Solidaridad Comunista del País Valenciano con la postura del PCG de votar NO en el Referendum. Esta es la forma de reclamar una verdadera autonomía. P.C.P.V.

Ante el ataque a los derechos nacionales expresado en el Estatuto aprobado por UCD recibid el testimonio de solidaridad ante vuestra decisión de votar NO a este Estatuto que es un NO a la discriminación del Pueblo Gallego y un NO a la división de los pueblos de España.

Secretariado del Comité de Islas del P.C.I.B.

En nombre del Comité Regional del PCE expresamos solidaridad vuestra decisión de oponerse Estatuto UCD y apoyamos acciones día 4 por Plena Autonomía Gallega.

Secretariado PCE de Andalucía.

P.C. Canarias conscientes grave situación que UCD ha creado en Galicia. Expresa total solidaridad con vuestra lucha y Pueblo Gallego por Estatuto Digno.